

O quinto discurso de Obama

Description

Barack Obama pronunciou o 11 de xullo en Accra o seu cuarto discurso importante en materia de política exterior de EEUU. O primeiro foi en Praga o 5 de abril; o segundo, no Cairo o 4 de Xullo, e o terceiro en Moscova o 7 de xullo. En todos eles hai un denominador común: a aceptación formal do multilateralismo como instrumento imprescindible para afrontar os problemas globais. O quinto discurso terá por escenario, moi probablemente Pequín, á volta do verán. É en Asia, a zona economicamente máis dinámica do planeta, onde mellor se aprecia o declive do imperio americano, e é tamén aquí onde deberá encarar os seus retos estratéxicos de maior envergadura.

Pese a todo, a presenza de EEUU na rexión segue a ser considerable, con forte influencia no sueste asiático, Xapón, Seúl e Taiwán, entre outros. Non obstante, a inminencia dunha alternancia histórica en Tokio, co probable fin de 60 anos de mandato do Partido Liberal Democrático, abre espazos de relativa incerteza. Xapón ansía dende hai tempo desprenderse das hipotecas da II Guerra Mundial e converterse nun país "normal". A alianza entre as dúas maiores economías do mundo non corre perigo, pero deberá reformularse. Con todo, o maior desafío é a China de Hu Jintao, que este mesmo ano podería igualar ou superar economicamente a Xapón en termos absolutos. Non está de todo claro que a China interéselle transformar a capacidade económica de Asia oriental en influencia política global, e de querelo, son moitos e importantes os obstáculos que deberá superar: a fonda desconfianza que preside as relacións con Xapón, a crónica inestabilidade na península coreana, a incógnita do futuro de Taiwán, as reservas de tantos países veciños sobre o seu comportamento futuro cando sexa a primeira economía do mundo cos seus exércitos plenamente modernizados... Con tanto apego á soberanía propia, Pequín quixera ver fóra do seu espazo próximo a Washington, pero sabe que EEUU pode ser un poderoso aliado para conter as ambicións emancipatorias de Xapón ou as arelas independentistas de Taiwán.

Nesa contradición permanente desenvólvense as relacións sino-estadounidenses: necesítanse económica e financeiramente, pero arrastran importantes diferenzas no político e no estratéxico, en materia de seguridade ou dereitos humanos. Se ansía fuxir dos tópicos, Obama terá que facer aquí un discurso matizado. O diálogo bilateral entre ambos países vai ser o máis determinante no presente século. Non estará condicionado polas dinámicas armamentistas, como aconteceu coa extinta URSS, pero non por iso deixará de existir sempre unha rivalidade de fondo, ao menos en tanto China non acepte comulgar coa cosmovisión estadounidense, cousa que cada día semella menos probable.

[Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012](#)

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Estados Unidos ARQUIVO

IDIOMA

Galego

Date Created

Xullo 19, 2009

Meta Fields

Autoría : 3717

Datapublicacion : 2009-07-19 00:00:00